

# A Fundación Penzol recibe o premio especial da AELG

**REDACCIÓN**  
Santiago

**Santiago.** A Fundación Penzol, institución que presidiu durante varias décadas Francisco Fernández del Reigo, recibirá este ano o premio especial da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) pola súa contribución á divulgación da literatura galega. Ese será un dos galardóns que a asociación entregará na súa tradicional Cea das Letras, prevista para o vindeiro trinta de abril no hotel Porta do Camiño de Santiago de Compostela. Deses galardóns, que serán elixidos polos socios da AELG, só se fixeron públicos o da Fundación Penzol e o do Escritor Galego Universal, que recaeu en Antonio Gamoneda, "referente na defensa da dignidade humana" por "combinar a excelencia literaria co compromiso ético", segundo subliñou o xurado.

A asociación remitiu onte a

lista dos finalistas en cada unha das modalidades nas que se divide o seu galardón, Blog Literario, traxectoria periodística, ensaio, narrativa, poesía, literatura infantil e xuvenil, teatro, ensaio e tradución. Galix colabora na elección da mellor obra de Literatura infantil, onde son finalistas *Contos para nenos que dormen deseguida*, de Pinto & Chinto, *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos Calveiro, *O segredo de Marco Polo*, de Francisco Castro e Suso Espada, *Nota Roja*, de Francisco X. Fernández Naval.

A outra entidade que colabora nos galardóns é o Colexio de Xornalistas de Galicia, encargado de seleccionar tamén os finalistas na traxectoria periodística: Daniel Salgado, Fran P. Lorenzo, xornalista de EL CORREO GALLEG, Iago Martínez e Ramón Nicolás.


O número de nomeados varía segundo os apartados. O de narrativa é o más numeroso, con

seis obras: *O coitelo en novembro*, de Marilar Aleixandre; *Obediencia*, de Antón Lopo; *Periferia*, de Iolanda Zúñiga, *Settecento*, de Marcos Calveiro; *Todo é silencio*, de Manuel Rivas, e *Xuvia-Neda*, de Vicente Araguas.

En poesía só se rexistraron tres finalistas: *Bater de sombras*, de Francisco X. Fernández Naval; *Estremas*, de Ana Romaní, e *Retro(visor)*, de Antía Otero.

Tres son tamén os finalistas que aparecen nos apartados de teatro e mais de tradución. En teatro, trátase de *Canibalismo*, de Marcos Abalde Covelo; *Cínicas*, de Teresa Moure e *Flores de Dunsinane*, de Manuel Lourenzo.

En tradución, aparecen Isaac Xubín por Bilbao-New York-Bilbao de Kirmen Uribe, Isabel Soto por Lóbrego Romance. Pálida Pantasma. As LenSede Bater de sombras, de Francisco Hoxedas Espectrais de Malvadia de Jack Mircala, e Marga do Val por Ran-



**Francisco X. Fernández Naval, único con dous nomeamentos**

dea do alento de Herta Müller.

Os blogs literario finalistas son *Ferradura en tránsito* (<http://xmeyre.blogspot.org/>), de Xosé Manuel Eyré; *O levantador de minas* (<http://olevantadordeminas.blogspot.org/>), de Alfredo Ferreiro, e *Trafegando ronseis* (<http://trafegandoronseis.blogspot.com/>), de Gracia Santorum e Xosé Anxo Fernández Alonso. En ensaio, tres títulos: *A man que caligrafan do pensa*: do plástico-escritural e da manuscrita novoneyriana, de Carlos Paulo Martínez Pereiro; *Elucidacións na sombra. Análise e interpretación de dúas pezas de Carvalho Calero*, de Manuel Castelao; *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo*, de María Pilar García Negro. [tendencias@elcorreogallego.es](mailto:tendencias@elcorreogallego.es)